

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FISCALÍA XERAL DO ESTADO PARA A REALIZACIÓN DUN CURSO BÁSICO DE LINGUA GALEGA PARA O ÁMBITO XURÍDICO

En Santiago de Compostela

REÚNENSE

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Doña María del Carmen Eiró Bouza, fiscal superior da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o seu nomeamento polo Real decreto 1009/2025, do 4 de novembro, que actúa por delegación e en representación da **fiscal xeral do Estado, doña Teresa Peramato Martín**, nomeada polo Real decreto 1140/2026, do 9 de decembro, a cal ostenta a xefatura superior e a representación do Ministerio Fiscal en todo o territorio español, de acordo co artigo 2.2 do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

EXPOÑEN

1. Que a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e mais do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma (artigo 4.1). Así mesmo, a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de xustiza (artigo 7.3).

2. Que o Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno



da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do 21 de setembro de 2004 coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade galega, destaca como obxectivos específicos respecto á Administración de xustiza en Galicia os seguintes:

- a) Introducir o galego como lingua normal de traballo nesta área.
 - b) Mellorar a disposición do persoal funcionario cara ao uso do galego, así como a súa capacitación.
 - c) Actualizar os recursos técnicos para facilitar o traballo en galego do persoal funcionario.
3. Que ambas as partes recoñecen reciprocamente as súas competencias e, conforme o exposto, acordan subscribir este convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Fiscalía Xeral do Estado (FXE), para a realización dun curso básico de lingua galega para o ámbito xurídico, na modalidade de teleformación, de 70 horas de duración.

Segunda. Compromisos das partes

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, a FXE comprométese a convocar o curso referido na cláusula anterior e a seleccionar o alumnado, que non será superior a 30 persoas.

A consellería comprométese a prestar o seu apoio institucional para o desenvolvemento do citado curso. Para isto, a Secretaría Xeral da Lingua poñerá a disposición o profesorado, conformado polo seu persoal docente asesor, que titorizará o curso, prestará a súa conformidade aos contidos didácticos e expediralle un diploma ao alumnado que resulte apto. En ningún caso o diploma acreditará oficialmente un determinado nivel de coñecemento de lingua galega, pois para isto será imprescindible presentarse ás probas que periodicamente convoca a dita secretaría xeral.

Para a coordinación das actuacións das partes, estas comprométense a establecer mecanismos de comunicación e información que dean conta do desenvolvemento da actividade.

Este convenio non implica obrigas financeiras para as partes.



Terceira. Difusión da colaboración

Nas actuacións informativas e divulgativas relacionadas coa actividade prevista neste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración entre as partes e utilizaranse, cando proceda, os seus logotipos. Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes fará mención da outra parte e deste convenio.

Cuarta. Utilización da lingua galega

Todas as accións que se realicen ao abeiro deste convenio efectuaranse de conformidade coa vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego fixada pola Real Academia Galega, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, respectarase a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Quinta. Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento da actividade prevista neste convenio, que estará composta por dúas persoas da Secretaría Xeral da Lingua e por dúas persoas da FXE. Poderá estar asistida polo persoal técnico necesario.

A comisión, que estará presidida por unha das persoas que representen a Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o desenvolvemento da actividade e estará facultada para resolver as dúbidas que poidan xurdir na execución deste convenio. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Sexta. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos referidos a este, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio, as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais e mais o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.



Sétima. Notificación electrónica

Terase en conta o sinalado no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o cal os colectivos obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, quen represente un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e o persoal das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de persoal empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun usuario e clave no servizo Chave365 ou cun certificado electrónico de persoa física ou de persoa xurídica asociado ao NIF da persoa destinataria. Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra a que acceda ao contido das súas notificacións.

Oitava. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación do convenio respectaranse as esixencias do Regulamento xeral de protección de datos –Regulamento (UE) 2016/679– e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e adoptaranse as medidas necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Os/as titulares dos datos persoais poderán exercer os dereitos previstos na lexislación aplicable ante as entidades asinantes nos seguintes enderezos:

No caso da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, mediante a ligazón <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>



E, no caso da Fiscalía, a través da página web do Ministerio Fiscal <https://www.fiscal.es>, mediante a ligazón <https://www.fiscal.es/ejercicio-de-los-derechos>

Novena. Administración dixital

As partes respectarán as esixencias da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Tamén será aplicable aos cidadáns e cidadás, que teñen o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, deberán utilizar os sistemas de identificación e sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

Décima. Normativa aplicable

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, así como polo disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o seu artigo 6, ao non previsto aplicaráselle, de acordo co artigo 4 da citada lei, os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

Décimo primeira. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, agás que sexa denunciado, por escrito, por algunha das partes por incumprimento dos compromisos recollidos nel, polo menos cun mes de antelación. Antes da finalización do prazo de vixencia, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por períodos anuais.



As eventuais prórrogas do presente convenio deberán formalizarse expresamente mediante a correspondente addenda ao convenio de colaboración, subscrita polas partes antes da finalización do seu prazo de vixencia. En todo caso, a duración total do convenio, incluídas as súas prórrogas, non poderá exceder o prazo máximo establecido na letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Ao estaren as partes conformes co estipulado, asinan este convenio.

O conselleiro de Cultura,
Lingua e Xuventude

A fiscal superior de Galicia

José Carlos López Campos

María del Carmen Eiró Bouza

